



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE OS INDICADORES DE ACTIVIDADE E DE VEB DO SECTOR SERVIZOS

Xuño 2017

Santiago de Compostela, 11 de agosto de 2017

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Indicador de actividade e de VEB do sector servizos. Xuño 2017


- O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de xuño en Galicia un aumento do 10,2% respecto ao mesmo mes do ano anterior, 0,2 puntos superior ao do mes de maio. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos aumenta o 6,8%, 1,8 puntos menos que no mes anterior.
- O Comercio aumenta a súa facturación o 12,2% e os Outros servizos o 4,3%.
- O persoal ocupado no sector servizos aumenta en Galicia un 2,4% e en España un 2,8% respecto ao mesmo mes do ano anterior.
- En todas as comunidades autónomas aumentan a súa cifra de negocios no mes de xuño. Galicia é a segunda comunidade con maior crecemento.
- En todas as comunidades crece a ocupación. Galicia é a sexta comunidade co menor incremento do emprego.



1. Cifra de negocios

1.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de xuño en Galicia un crecemento do 10,2% respecto ao mesmo mes do ano anterior, 0,2 puntos máis que no mes de maio. O índice para España amosa un aumento do 6,8% respecto ao mes de xuño de 2016, 1,8 puntos inferior á taxa de variación rexistrada no mes anterior.



O crecemento experimentado pola cifra de negocios débese principalmente ao *Comercio*, que aumenta o 12,2% e achega 9,1 puntos á taxa de variación do índice xeral; os *Outros servizos* aumentan a súa facturación o 4,3% e achegan 1,1 puntos á taxa de variación do índice xeral.

En España o *Comercio* incrementa a súa cifra de negocios o 6,7%, 5,5 puntos menos que en Galicia e os *Outros servizos* aumentan o 6,9%, superando en 2,6 puntos o crecemento galego.

O incremento da facturación no *Comercio* ven motivado polo *Comercio por xunto*, que aumenta o 16,5% e achega 7,9 puntos á taxa de variación do índice xeral. O *Comercio polo miúdo* aumenta o 6,6% e achega 1,4 puntos á taxa de variación interanual. Pola contra, a *Venta e reparación de vehículos* diminúe un 3,7% a súa facturación.

A nivel nacional, tamén é o *Comercio por xunto* o que máis repercute no incremento do índice xeral, 2,6 puntos, cun crecemento do 7,1%; o *Comercio polo miúdo* aumenta o 4,2% e achega 0,8 puntos. A *Venta e reparación de vehículos* rexistra o maior incremento, 11,2%, superando en case 15 puntos a taxa galega.

Os *Outros servizos* aumentan a cifra de negocios en Galicia o 4,3%; os sectores que máis contribúen a este incremento son o *Transporte*, a *Hostalería* e as *Actividades administrativas e servizos auxiliares*, 0,3 puntos cada unha, con crecementos do 3,5%, 6,6% e 7,3% respectivamente. En senso contrario, o sector de *Información e comunicacións* diminúe a súa facturación un 1,0%.

En España, os *Outros servizos* aumentan o 6,9%, sendo o *Transporte* e as *Actividades profesionais, científicas e técnicas* os sectores que máis repercuten neste crecemento, 0,8 puntos cada un.

Nesta primeira metade do ano, o índice de cifra de negocios crece un 9,9% en Galicia e un 7,0% en España. O sector con maior repercusión no incremento do índice xeral, tanto en Galicia como en España, é o *Comercio por xunto*, con taxas do 15,5% e 8,8% respectivamente.

Todos os sectores rexistran, no que vai de ano, taxas positivas en Galicia agás a *Venta e reparación de vehículos de motor*, que diminúe un 5,6%. A nivel nacional, todos os sectores rexistran taxas positivas.

1.2 Índice de cifra de negocios ponderando por VEB


Utilizando como ponderación o VEB en lugar da cifra de negocios, o índice aumenta o 8,7% no mes de xuño. Este incremento débese principalmente ao *Comercio*, que crece o 11,6% e achega 4,5 puntos á taxa de variación do índice xeral. Ademais, o *Transporte* rexistra un incremento do 8,6% e achega 1,3 puntos a taxa xeral, e a *Hostalería* aumenta o 6,9% e achega 1,6 puntos.

1.3 Datos corrixidos de calendario

O efecto calendario determina as diferenzas que se producen nunha variable pola diferente estrutura que teñen os meses (tanto en número de días como na composición de días laborables e festivos).

Se se elimina este efecto, o índice ponderado por cifra de negocios aumenta o 10,2% respecto ao mesmo mes do ano anterior e o índice ponderado por VEB o 8,7%.

O seguinte gráfico amosa a evolución do indicador de actividade do sector servizos corrixido de calendario segundo o método de ponderación.



1.4. Indicadores por comunidades autónomas


No mes de xuño en todas as comunidades autónomas aumenta a cifra de negocios.

Os maiores aumentos danse en Navarra (10,7%) e Galicia (10,2%). As comunidades con menores crecementos son Extremadura (2,6%) e Castilla y León (3,0%).

No que vai de ano, Navarra (10,6%) e Galicia (9,9%) rexistran os maiores incrementos, mentres que Castilla y León (4,1%) e País Vasco (4,4%) amosan os menores crecementos.

Índices de cifra de negocios. Xuño 2017


Taxa de variación en %



2. Persoal ocupado

2.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O persoal ocupado aumenta en Galicia un 2,4% respecto ao mes de xuño de 2016, 0,4 puntos menos que en España (2,8%).



O persoal ocupado aumenta un 2,6% no *Comercio* e un 2,3% nos *Outros servizos*. Nas actividades comerciais, o *Comercio por xunto* achega cinco décimas á taxa de variación do índice xeral, cun incremento do 3,8% e o *Comercio polo miúdo* achega sete décimas, cunha variación do 2,6%. Pola contra, na *Venta e reparación de vehículos* diminúe a ocupación (-1,1%).

En todos os sectores dos *Outros servizos* aumenta o persoal ocupado; destaca o incremento do 4,7% nas *Actividades administrativas e servizos auxiliares*, co que achegan seis décimas á taxa de variación do índice xeral.

En España, o persoal ocupado aumenta en todos os sectores. O maior incremento dáse tamén nas *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (4,2%).


No que vai de ano, o persoal ocupado aumenta en Galicia o 2,1% e en España o 2,6%. O *Comercio por xunto* e as *Actividades administrativas e servizos auxiliares* son os sectores con maiores crecementos, tanto en Galicia como en España.

2.2. Indicadores de ocupación por comunidades autónomas

Todas as comunidades autónomas aumentan o emprego no sector servizos no mes de xuño. Os maiores incrementos danse en Murcia (5,1%) e Cantabria (4,1%). As comunidades onde menos crece a ocupación son Asturias (1,5%), País Vasco (1,6%) e Andalucía (1,7%).

Índices de persoal ocupado. Xuño 2017

Taxas de variación en %



Na primeira metade do ano, os maiores crecementos danse en Murcia (5,1%) e Illes Balears (4,4%) mentres que en Andalucía (1,3%) e Asturias (1,8%) rexístranse os menores incrementos.

Notas metodolóxicas

Cifra de negocios: comprende os importes facturados pola empresa pola prestación de servizos e venta de bens que son obxecto do tráfico da empresa, incluídos os realizados por subcontratación. Contabilízanse incluíndo os impostos que gravan os bens e servizos coa excepción do IVE repercutido ao cliente.

Persoal ocupado: É o número total de persoas que traballan na empresa; inclúe o persoal remunerado, persoal que non percibe unha remuneración fixa ou salario (propietarios que traballan na empresa e axudas familiares), persoal facilitado polas empresas de traballo temporal y traballadores autónomos dependentes con contrato non laboral.

Valor engadido bruto: Para cada unidade dedicada a unha actividade produtiva, é a diferenza entre a produción e os consumos intermedios. Valórase a prezos básicos, que son os prezos que os produtores reciben dos compradores restando calquera imposto que se pague e sumando calquera subvención que se reciba.

Os indicadores constrúense a partir dos microdatos dos Indicadores de actividade do sector servizos subministrados polo INE.

Os índices son provisionais polo que poden modificarse nos meses seguintes.

Anexo cadros

Cadro 1. Índices de cifra de negocios. Xuño 2017

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	117,1	10,2	9,9
Comercio	118,9	12,2	11,5
Venta e reparación de vehículos de motor	97,6	-3,7	-5,6
Comercio por xunto	131,7	16,5	15,5
Comercio ao retalho	101,1	6,6	5,9
Outros servizos	109,6	4,3	4,6
Transporte	115,6	3,5	2,2
Hostalería	108,1	6,6	6,1
Información e comunicacións	88,4	-1,0	3,8
Actividades profesionais, científicas e técnicas	98,1	7,0	8,2
Actividades administrativas e servizos auxiliares	152,9	7,3	7,0
España			
Xeral	114,7	6,8	7,0
Comercio	112,8	6,7	7,3
Venta e reparación de vehículos de motor	132,1	11,2	9,1
Comercio por xunto	115,6	7,1	8,8
Comercio ao retalho	101,4	4,2	3,9
Outros servizos	118,1	6,9	6,3
Transporte	123,4	7,5	6,4
Hostalería	129,7	8,5	6,0
Información e comunicacións	103,3	2,6	3,4
Actividades profesionais, científicas e técnicas	117,2	9,4	9,5
Actividades administrativas e servizos auxiliares	125,5	6,3	6,8

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

Cadro 2.- Índices de cifra de negocios ponderada por VEB. Xuño 2017

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	114,5	8,7	8,2
Comercio	113,2	11,6	10,8
Transporte	134,3	8,6	6,3
Hostalería	109,8	6,9	6,2
Información e comunicacións	86,3	-0,1	4,4
Actividades profesionais, científicas e técnicas	114,8	10,8	9,4
Actividades administrativas e servizos auxiliares	131,9	5,4	6,0

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

**Cadro 3. Índices de cifra de negocios por comunidades autónomas.
Xuño 2017**

	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	114,7	6,8	7,0
Andalucía	107,4	4,7	5,7
Aragón	109,7	3,2	4,8
Asturias	101,5	6,0	4,8
Baleares, Illes	156,0	5,5	7,5
Canarias	110,6	4,3	5,4
Cantabria	107,5	6,8	6,0
Castilla y León	104,3	3,0	4,1
Castilla-La Mancha	109,7	9,6	8,9
Cataluña	117,9	7,0	6,4
Comunitat Valenciana	119,6	9,6	6,7
Extremadura	104,6	2,6	4,8
GALICIA	117,1	10,2	9,9
Madrid	114,6	7,2	8,9
Murcia	120,1	8,3	5,1
Navarra	115,6	10,7	10,6
País Vasco	112,1	4,7	4,4
Rioja, La	123,4	7,2	7,0

Fonte: INE

Cadro 4. Índices de persoal ocupado. Xuño 2017

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	100,3	2,4	2,1
Comercio	96,9	2,6	2,0
Venta e reparación de vehículos de motor	83,9	-1,1	-0,3
Comercio por xunto	94,4	3,8	3,4
Comercio ao retalho	101,0	2,6	1,7
Outros servizos	103,2	2,3	2,2
Transporte	99,7	1,4	1,7
Hostalería	99,6	2,3	2,4
Información e comunicacións	89,0	0,8	1,7
Actividades profesionais, científicas e técnicas	100,7	0,9	0,2
Actividades administrativas e servizos auxiliares	117,8	4,7	4,2
España			
Xeral	104,5	2,8	2,6
Comercio	101,3	2,4	2,3
Venta e reparación de vehículos de motor	93,0	2,1	2,1
Comercio por xunto	104,0	3,0	2,9
Comercio ao retalho	101,1	2,2	1,9
Outros servizos	106,7	3,0	2,8
Transporte	101,6	2,5	2,6
Hostalería	111,1	3,4	2,7
Información e comunicacións	99,7	2,3	2,0
Actividades profesionais, científicas e técnicas	100,6	1,6	1,9
Actividades administrativas e servizos auxiliares	114,0	4,2	3,9

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

**Cadro 5. Índices de persoal ocupado por comunidades autónomas.
Xuño 2017**

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	104,5	2,8	2,6
Andalucía	101,7	1,7	1,3
Aragón	102,3	3,3	2,6
Asturias	96,0	1,5	1,8
Balears, Illes	130,5	3,6	4,4
Canarias	105,8	2,7	3,5
Cantabria	105,9	4,1	3,7
Castilla y León	98,8	2,3	1,9
Castilla-La Mancha	103,1	3,0	2,1
Cataluña	110,2	3,7	3,2
Comunitat Valenciana	102,3	3,0	2,8
Extremadura	106,7	3,0	3,2
GALICIA	100,3	2,4	2,1
Madrid	101,0	2,3	2,2
Murcia	112,3	5,1	5,1
Navarra	108,3	3,9	3,6
País Vasco	104,9	1,6	1,9
Rioja, La	108,1	3,6	3,3

Fonte: INE